

Acta núm. 03/2020.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 30 de xaneiro de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.

Carlos Noya Pereira.

María Rosa Romero Fariña.

Sandy Marie Cebra Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13,30 horas do 30 de xaneiro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 02/2020, DO 21.01.2020.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

3º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

4º) LICENZA DE OBRA MENOR.

5º) LICENZA DE OBRA MAIOR.

6º) COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 02/2020, DO 21.01.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 21.01.2020, acta núm. 02/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Isidoro Manuel Peón Nistal, que di actuar en representación de DISTRIBUCIONES FROIZ S.A., na que comunica que vai realizar as obras de reparación, impermeabilización e construción dun novo solo elevado na parte destinada a peixaría, dentro do local do supermercado sito no centro comercial Monte Balado. A parcela onde se empraza o local (6449503NH2464N000SUJ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3). A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 58,95 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 123,52 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DORINDA MALLÓN COSTA na que comunica que vai reconstruír un peche de pedra de 17 metros de lonxitude ata unha altura de 1

metro, e colocar por enriba postes e arame; nunha parcela sita no lugar de Mato- Luaña, o peche está situado no linde oeste de dita parcela e non está en contacto coa vía pública. A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº9539404NH1493N0001RL, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1). A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A altura total do peche non será maior de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo, sen superar a parte cega de pedra a altura de 1,20 m.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 35,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 99,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada TANIA RODRÍGUEZ TUBÍO, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda sita no lugar de Babenzo nº58 – Bastavales, que conta con licenza de construción concedida pola Xunta de Goberno Local o 09.05.2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Juan S. Lareo Sánchez o 26.06.2019, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A, na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión (RBTS Chave de Ponte nº SGD 218319040205) desde o paso aéreo subterráneo ata a situación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 67 m. segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Tizón Barro, con visado do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña do 03/06/2019, visado nº 1717/19-CO.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº9212319NH2491S0001RT), situase en Chave de Ponte e conta con licenza para construción dun galpón outorgada pola Xunta de Goberno o 02.07.2012.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso

o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 975,15 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 135,03 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 199,60 euros.

QUINTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Felipe Núñez Méndez, que di actuar en representación de FELIPE SUÁREZ AGRELO, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar e piscina, no lugar de Adoufe nº19 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Felipe Núñez Méndez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10.05.2019, e documentación complementaria visada o 11.10.2019 e 10.01.2020 (nº expte. 1902478).

A parcela onde se pretenden executar as obras, ref. catastral nº6854809NH2465S0000MF, está situada en solo de núcleo rural para áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e se sitúa dentro da aldea de Adoufe, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM (clave identificativa: AE-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Xestión Cultural da Consellería de Cultura e Turismo (expte. 2474/19), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Felipe Núñez Méndez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10.05.2019, e documentación complementaria visada o 11.10.2019 e 10.01.2020 (nº expte. 1902478).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, 23,00m², que implica a pavimentación deste espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a

construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 23 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 23 de xaneiro de 2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.021,20 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas:96,95 euros.

Total: 2.118,15 euros.

SEXTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DEBORA CASTELO PÉREZ, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de café – bar, sito no lugar de A Igrexa nº 2-Bastavales-Brión.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de M^a Dolores Blanco Baameiro, e preténdese poñer a nome de Debora Castelo Pérez.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de café - bar, sito no lugar de A Igrexa nº 2-Bastavales- Brión a nome de Débora Castelo Pérez.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González